Quinto: Elevado a definitivo este acordo inicial, unha vez resoltas polo Pleno Corporativo, no seu caso, as alegacións que se puidesen presentar, solicitar á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, Dirección Xeral de Administración Local, a declaración de urxencia da expropiación.

Sexto: Finalizados os trámites anteriores, convocar aos titulares dos bens e dereitos afectados polo procedemento expropiatorio para que asistan ao levantamento das actas previas á ocupación, no día e hora que se sinale.

Sétimo: Designar representante da administración neste procedemento expropiatorio a dona Mª Teresa Villaverde Pais, Alcaldesa do Concello e perito da administración a dona Romina Carbajales Pernas, enxeñeira técnica de obras públicas.

Oitavo: Delegar na Alcaldía a aprobación dos documentos, acordos e actuacións que se deriven do procedemento de expropiación forzosa; unha vez elevado a definitivo este acordo inicial.

Noveno: Acordar a oportuna retención do crédito necesario para efectuar o pagamento do xusto prezo que resulte á finalización do procedemento de expropiación>>

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

5) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN DO GPM DO PP SOBRE "VAGA DE LUMES EN GALICIA".

A **Alcaldía** procede á lectura da proposta que se somete a aprobación do pleno corporativo, que é a que de seguido se indica:

.....

MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL POPULAR DO CONCELLO DE LOUSAME, EN RELACIÓN Á VAGA DE LUMES QUE SUFRIU GALICIA

O Grupo Municipal no Concello de Lousame , conforme ao previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexa elevar ao Pleno Municipal a seguinte Moción:

EXPOSICION DE MOTIVOS

Galicia sufriu entre o 12 e o 17 de outubro una vaga de lumes sen precedentes, un episodio de actividade incendiaria que supuxo un atentado contra o rural, o medio ambiente, a economía, a vida animal e o mais importante puxo en risco a vida das persoas, producíndose un fatal desenlace co falecemento de catro persoas que lamentamos en profundidade.

Galicia non arde soa. A Galicia quéimana. O acontecido trátase dunha verdadeira afronta e unha aldraxe, que se fixo partindo de dous condicionantes excepcionais, unhas condicións meteorolóxicas extremas, con fortes ventos, altas temperaturas e moi baixa humidade e unha actividade incendiaria desaforada. Mesmo houbo que facer fronte a incendios que procedentes de Portugal se propagaron en Galicia.

Estes elementos conformaron un ataque inxente que forzou ata o límite o dispositivo despregado pola Xunta de Galicia e que estaba composto por 350 brigadas, 220 motobombas, 40 pas e unha vintena de medios aéreos, ademais de bombeiros de toda Galicia e Grupos de Emerxencias Supramunicipais (GES), uns 5.600 efectivos en total que xa estaban incorporados durante a fin de semana, incluíndo os mais de 600 efectivos da Unidade Militar de Emerxencias (UME), apoiados con 18 motobombas e 6 nodrizas e mesmo, dentro dos medios aéreos, helicópteros procedentes de bases situadas en Murcia, Toledo ou Guadalaxara.

Trátase do maior operativo despregado nesta época do ano e dun dos maiores da historia. Xunto á inestimable colaboración de voluntarios de Protección Civil e de veciños dos lugares afectados, fixéronlle fronte a focos que se sucedían continuada e simultaneamente, e que se multiplicaban en cuestión de minutos.

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Todos temos responsabilidades na prevención dos incendios forestais, incluíndo os propietarios dos terreos e os concellos e demais administracións, xa que tamén teñen as súas obrigas en relación coas súas propiedades e vías de titularidade municipal.

Esta vaga de lumes afectou indistintamente a áreas de monte raso, arborado e ordenado, a zonas de pasto, a explotacións gandeiras, a viñedos, e mesmo tamén a núcleos rurais e áreas urbanas con afección a bens inmobles e mobles. En poucas horas activáronse uns 264 incendios que puxeron a proba ao operativo coordinado pola Xunta de Galicia.

Os cidadáns en xeral e cada administración, no marco das súas competencias, debemos actuar para facer fronte a este problema, que é un problema de todos.

O repunte dos incendios en determinadas épocas do ano, máis aló do verán, é algo habitual nos últimos anos, rexistrándose unha considerable actividade incendiaria en primavera, e como ocorreu este ano de xeito moi marcado, ao longo do mes de outubro. Por iso, e dadas as condicións climatolóxicas adversas que estamos a vivir, a Xunta prorrogou o período de perigo alto de incendios ata o 31 de outubro, manténdose a prohibición das queimas de restos agrícolas e forestais ata nova orde.

En todo caso, o dispositivo galego é potente e flexible, o que permite adaptalo ás circunstancias de cada momento, por iso se puido reforzar o operativo de loita contra os incendios tanto de medios materiais como humanos declarando a emerxencia e prolongando o período alto risco por incendios forestais.

A mellor forma de parar un lume é que non comece, e nesa batalla contra os incendiarios temos que estar todos, medios policiais, Fiscalía, administracións e toda a sociedade.
Por outra parte, no Consello da Xunta de pasado xoves 19 de outubro aprobouse un decreto de medidas urxentes para tentar paliar e reparar os danos provocados polos lumes. A prioridade é atender ás familias das vítimas mortais, neste sentido incrementáronse as indemnizacións para os seus familiares destes falecidos como consecuencia do terrorismo incendiario.

En relación ás persoas que sufriron perdas materiais, especialmente aquelas que viron como o lume afectaba ás súas casas, disporán tanto de asesoramento como de axudas. Daranse tamén axudas para aloxamento ata a reparación das vivendas, ademais de avaliar as naves industriais afectadas que non teñan póliza de seguro.

Tamén se está a traballar na análise dos ríos e das costas co obxectivo de minimizar o risco de que as precipitacións provoquen riadas; planificar a reforestación da superficie afectada, cando sexa preciso, e rexenerar así o patrimonio natural. E a Xunta tamén está a traballar coas confrarías para identificar aqueles terreos danados polos incendios que poidan supoñer un risco para os bancos marisqueiros.

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

É necesario que nese proceso de apoio aos afectados se involucren todas as administracións. As Deputacións Provinciais, que son os organismos máis achegados aos concellos, e o Estado, deben colaborar tamén para que os danos provocados polos incendios sexan reparados coa maior brevidade posible.

Por todo isto, o grupo municipal do PP solicita ao Pleno da corporación Municipal a adopción dos seguintes

ACORDOS

1.- Trasladar o agradecemento e apoio a tódolos profesionais que forman parte do operativo de extinción de incendios que coa súa actuación evitaron que a traxedia fora maior; así como as Forzas e Corpos de Seguridade, que coa imprescindible colaboración cidadá, están levando a cabo as súas investigacións para tentar esclarecer a autoría dos incendios.

2.- Instar a todas as administracións públicas a asumir as súas responsabilidades en materia de prevención cumprindo coa normativa vixente.

3.- Solicitar a todas as administracións a adopción de medidas urxentes co fin de rexenerar as zonas danadas, restablecer os servizos esenciais, compensar aos afectados e atender as necesidades derivadas desta situación, entre elas a minimización do risco de que as precipitacións poidan causar riadas ou danos aos bancos marisqueiros.

4.- Instar ao Estado e ás Deputacións Provinciais (estas últimas como principais organismos encargados de dar apoio aos concellos) para que se unan á Xunta de Galicia e participen na concesión de axudas destinadas a paliar os efectos dos lumes. En particular, ínstase ás Deputacións, en virtude das obrigas que a estes efectos establece o artigo 38 da Lei de Emerxencias de Galicia, a implicarse no cofinanciamento das actuacións de reparación de danos producidos nos bens e instalacións de titularidade municipal.

Lousame, 10 de novembro de 2017
O Portavoz do Grupo Municial Popular
Mª Teresa Villaverde Pais

.....

D. **Julio M. D. Paradela Busto** quere en primeiro lugar trasladar o recoñecemento do seu grupo e felicitar á cidadanía. Ao igual que no caso do Prestige, nesta vaga de lumes, quen lle fixo fronte foi a xente. O que pasou en Galicia era a crónica dun incendio anunciado. Pero sen embargo agora non se saca o que pasou no ano 2006. Agora fálase de terrorismo. Antes fixéronse unhas comparativas que non levaron a ningún lado. Non se trata de terrorismo. O que hai que facer é previr e non curar. Houbo unha improvisación e incompetencia, pois xa se previa o que ao final aconteceu. O 30 de outubro rematou o

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

contrato de 436 persoas coa categoría de fixos discontinuos. E o día 11 de novembro volvéronse contratar. O día 12 de novembro, en plena efervescencia botaron a 500 brigadistas e o día 15 de novembro volvéronos a chamar. Sen embargo non fixeron o mesmo cos medios das empresas privadas. E isto todo... canto custou? O descontrol levou a que fora a xente a que tivo que facer fronte ao lume. E morreron catro persoas. En Pontevedra houbo turistas que anularon reservas por medo ao "terrorismo incendiario". Pero poucas persoas foron ao cárcere. O problema é que se paga por apagar incendios e non por prever que se produzan os incendios. É preciso cambiar o modelo forestal, facer prevención e adaptarmos ás novas circunstancias medioambientais. Anuncia que o seu grupo non vai apoiar esta moción. Que teñen outra.

A **Alcaldesa** non lle gusta estar botando á cara as diferentes actuacions. Pero se o Sr. Paradela Busto quere falar do 2006, ela ten que dicir que no 2006 o Concello de Lousame foi un grande exemplo. E quere recordar, que naquel 2006 tamén faleceu unha persoa en Comparada. Naquel momento sucederon uns feitos porque non había medios. Non tiña pensado quitalo, pero como o Sr. Paradela o mencionou, por iso quere facer esta observación. E tamén coñece a quen se lle botou a culpa dos incendios no ano 2006. Díxose que os culpables dos incendios eran os alcaldes do PP. Incluso o partido do Sr. Paradela Busto tivo que reprender a algún representante político por estas afirmacións.

Pregunta se hai máis intervencións. Ao non habelas, somete o asunto a votación.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por seis (6) votos a favor (dos 6 concelleiros do GPM do PP) e tres (3) abstencións (dos 3 concelleiros do GPM do PSOE) sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte ACORDO:

<<1.- Trasladar o agradecemento e apoio a tódolos profesionais que forman parte do operativo de extinción de incendios que coa súa actuación evitaron que a traxedia fora maior; así como as Forzas e Corpos de Seguridade, que coa imprescindible colaboración cidadá, están levando a cabo as súas investigacións para tentar esclarecer a autoría dos incendios.

2.- Instar a todas as administracións públicas a asumir as súas responsabilidades en materia de prevención cumprindo coa normativa vixente.

3.- Solicitar a todas as administracións a adopción de medidas urxentes co fin de rexenerar as zonas danadas, restablecer os servizos esenciais, compensar aos afectados e atender as necesidades derivadas desta situación, entre elas a minimización do risco de que as precipitacións poldan causar riadas ou danos aos bancos marisqueiros.

4.- Instar ao Estado e ás Deputacións Provinciais (estas últimas como principais organismos encargados de dar apoio aos concellos) para que se unan á Xunta de Galicia e participen na concesión de axudas destinadas a pallar os efectos dos lumes.

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

En particular, ínstase ás Deputacións, en virtude das obrigas que a estes efectos establece o artigo 38 da Lei de Emerxencias de Galicia, a implicarse no cofinanciamento das actuacións de reparación de danos producidos nos bens e instalacións de titularidade municipal>>

6) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN DO GPM DO PP SOBRE "DÍA INTERNACIONAL PARA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA SOBRE A MULLER".

A **Alcaldía** pídelle á concelleira D. **Silvia Agrafojo Filgueira** que proceda á lectura da proposta que se somete a aprobación do pleno corporativo, que é a que de seguido se indica:

.....

MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL POPULAR DO CONCELLO DE LOUSAME, EN RELACIÓN AO 25 DE NOVEMBRO, DÍA INTERNACIONAL PARA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA A MULLER

O Grupo Municipal no Concello de Lousame , conforme ao previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexa elevar ao Pleno Municipal a seguinte Moción:

EXPOSICION DE MOTIVOS

Como sociedade temos que dar un salto cualitativo na loita contra a violencia de xénero. Pero para iso requírense varios factores de importancia. E o primeiro é o crecemento na conciencia social de que isto é un problema de todos e de todas, non só das vítimas, e só cando nos empecemos a crer esta máxima poderemos pedirlles que denuncien, porque estamos con elas e ao seu lado.

Os veciños e as veciñas son de vital importancia, porque moitas veces son a nosa fonte máis próxima de axuda. Ademais, nos malos tratos son unha testemuña crave, xa que esas veciñas e veciños danse conta do que lle pasa a súa veciña, dos berros que se oen nesa casa e do sufrimento que padecen moitas mulleres.

As vítimas sofren en silencio. Pero os malos tratos non son silenciosos. Os malos tratos vense e escóitanse. E en cada comunidade quen maltrata non pode esconder o que lle fai á súa parella, porque o veciño do lado, ou o do seu bloque, poden presenciar xestos e escenas entrando a parella polo portal da escaleira, ou saíndo, ou, simplemente, cando se profiren os berros nunha discusión. E isto cálanno moitas veces os veciños, porque chegan a pensar que se trata dun problema desa parella no que consideran que non deben entrar, o cal é un craso error. Porque, polo menos, deberían apostar por tentar nalgún momento ofrecer a súa axuda a esa veciña que

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

sofre en silencio, ou, como en moitas ocasións se fai, chamar á policía cando se é consciente dunha agresión.

En moitos casos, eses veciños e as veciñas son os que están máis preto dunha muller que é maltratada.

Por todo o anterior o Grupo Municipal Popular do Concello de Lousame solicita ao Pleno a adopción dos seguintes **ACORDOS:**

1. Instar á Xunta de Galicia a levar a cabo unha campaña informativa sobre a prevención da violencia de xénero no ámbito veciñal, contando coa colaboración e coordinación das Federacións e Asociacións de Veciños/as de Galicia.

2. Instar ao Concello de Lousame a poñer en marcha iniciativas de prevención da violencia de xénero no ámbito veciñal co obxectivo tratar de xerar a maior sensibilidade con este problema en todos os ámbitos onde a veciñanza poida supoñer unha axuda para as vítimas, é dicir, a través das asociacións veciñais de todo tipo, como das propias comunidades de veciños

Lousame, 6 de novembro de 2017
O Portavoz do Grupo Municial Popular
Mª Teresa Villaverde Pais

.....

Finalizada a lectura da moción, a Alcaldía pregunta se hai intervencións. Ante a ausencia de intervencións, somete o asunto a votación.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos nove (9) concelleiros presentes sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte ACORDO:

<< 1.- Instar á Xunta de Galicia a levar a cabo unha campaña informativa sobre a prevención da violencia de xénero no ámbito veciñal, contando coa colaboración e coordinación das Federacións e Asociacións de Veciños/as de Galicia.

2.- Instar ao Concello de Lousame a poñer en marcha iniciativas de prevención da violencia de xénero no ámbito veciñal co obxectivo tratar de xerar a maior sensibilidade con este problema en todos os ámbitos onde a veciñanza poida supoñer unha axuda para as vítimas, é dicir, a través das asociacións veciñais de todo tipo, como das proplas comunidades de veciños>>

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

7) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN DO GPM DO PSOE SOBRE "ABANDONO DO MEDIO RURAL GALEGO".

A **Alcaldía** pídelle ao Sr. **Paradela Busto** que proceda á lectura da moción.

O Sr. **Paradela Busto**, procede á lectura da moción que presenta para aprobación do Pleno Corporativo do Concello de Lousame

.....

MOCIÓN CONTRA O ABANDONO DO MEDIO RURAL GALEGO

Julio Manuel Daniel Paradela Busto na súa condición de Portavoz do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE no concello de Lousame, comparece e como mellor en dereito proceda DI:

Que ó abeiro do disposto nos artigos 97 da Lei5/1997, do 22 de xullo, Lei de Administración Local de Galicia, 91,4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 46.2 da Lei 11/1999, do 21 de abril, Lei de modificación da Lei reguladora de Bases do Réxime Local e outras medidas, presenta á consideración do Pleno da Corporación Municipal e a petición da Organización Profesional Agraria UNIÓNS AGRARIAS-UPA, a seguinte **MOCIÓN CONTRA O ABANDONO DO MEDIO RURAL GALEGO**

EXPOSIÓN DE MOTIVOS

A recente vaga de lumes que ven de afectar ao rural galego ai escasos días, puxo de manifesto a vulnerabilidade do territorio, rural e urbano, ante un simple evento climático extremo, e lembrou ao conxunto da sociedade galega, que non poden existir unha Galicia de dúas velocidades, pois mal lle vai ir a unha si lle vai mal á outra.

O lume que chegou ás portas da maior cidade de Galicia e o exemplo da traxedia do veciño Portugal con máis de cen persoas falecidas este verán polo lume incontrolado, puxeron diante dos ollos dos galegos a profunda crise que vive o rural galego, e o escenario futuro de catástrofe cara o que nos encamiñamos como sociedade se persiste o abandono do noso rural e a necesidade de abrir os ollos e afrontar a realidade con medidas intelixentes, antes de que sexa demasiado tarde.

Levamos décadas de desatención, envellecemento demográfico, falta de relevo xeracional nas explotacións, abandono da actividade agraria e gandeira, eliminación de toda clase de servizos públicos: peches de escolas e centros de saúde, retirada de liñas de autobuses, procesos todos que están a dar como resultado o abandono da poboación rural, o cese da actividade produtiva no territorio, e a transformación da nosa paisaxe e territorio cara unha realidade estrutural chea de perigos.

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Sen actividade produtiva non hai xestión do territorio nin control da biomasa, nin mantemento dos cortalumes naturais que supoñen prados, pastos, cultivos e terras de labor. Porque o que non xestionemos nós coa actividade, vaino xestionar o lume.

Pero non pode haber actividade produtiva si esta non é rendible, nin pode haber actividade produtiva se non hai xente que aposte por vivir no rural e facer des a súa forma de vida. E para que iso suceda, a xente ten que ter servizos e calidade de vida a altura dos tempos en que vivimos, así como percibir un recoñecemento por parte da sociedade polo labor desenvolto no rural, e unha aposta clara das Administracións Públicas por manter un rural vivo, activo e con futuro.

Por todo o anterior, en condición doe Voceiro Municipal do Grupo Municipal do PSdG-PSOE no Concello de Lousame e dado a importancia que o rural representa neste Concello, como dinamizador fundamental e base da nosa economía produtiva propón ao pleno municipal a adopción dos seguintes ACORDOS:

1.- Solicitar a Presidencia da Xunta de Galicia a apertura dunha mesa de traballo na que estean representadas todos os actores institucionais, sociais e económicos que poidan facer achegas para desenvolver medidas políticas urxentes para combater o abandono do medio rural galego.

2.- Esixir ao Goberno da Xunta de Galicia a dotación orzamentaria suficiente e sostida no tempo que permita afrontar de xeito claro e o marco das convocatorias electorais, un plan de investimentos en infraestruturas, servizos e innovación que cambie a tendencia actual.

3.- Aplicación inmediata de un paquete de medidas urxentes de contención económica que asegure a supervivencia das explotacións que se viron afectadas polas inclemencias climáticas (xeadas e seca) e os lumes catastróficos.

4.- Pedir que non se retrase nin un día máis a solución aos graves problemas estruturais que ameazan o futuro de agricultores e gandeiros, como a mobilidade de terras que permita o acceso ás terras aos mozos que se incorporarán nos próximos anos.

5.- Propoñer unha nova política forestal, que permita harmonizar os usos produtivos do monte coa protección medioambiental e a prevención dos lumes. Buscando fórmulas efectivas que faciliten a agrupación forestal de terreos particulares, e buscando fórmulas que permitan poñer en produción agraria ou forestal as máis de 300.000 ha de montes veciñais en estado e grave abandono. Dando valor engadido á madeira dos nosos montes e xerando emprego industrial no rural.

6.- Reformar o Plan de Desenvolvemento Rural de Galicia de forma que estes fondos da UE se dediquen realmente ao apoio a agricultores e gandeiros, reforzando as súas rendas, a través do coidado medioambiental do territorio que supoñen as terras agrarias.

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

7.- Abrir novas oportunidades económicas a través de enerxías renovables, na procura dun modelo multifuncional do noso rural, onde caiban novas iniciativas de creación de riqueza e emprego.

8.- Garantir unha axeitada electrificación de unha axeitada chegada de banda ampla de internet a todo o territorio rural galego, en condición s de igualdade coa calidade de acceso no medio urbano, para poder facilitar a chegada da Sociedade da Información e aposta en marcha de novos modelos de servizos e negocios asociados a ela.

9.- Apostar polos servizos no rural galego, mantendo os puntos de atención sanitaria e asistencial. Buscar solucións para evitar o peche das escolas, como desprazar rapaces das vilas aos lugares para completar o alumnado antes de pechar unha escola, garantindo o nivel de calidade na formación no ensino primario e secundario. Fomentando as axudas para natalidade e conciliación no medio rural.

10.- Poñer fin a sucesión de accións punitivas inxustificables contra as rendas dos produtores do rural por parte das administracións estatal e autonómica (catastrazo, inspeccións abusivas de Traballo, descontrol en reclamacións fiscais, etc)

É tempo pois da acción, da toma de medidas inmediatas que creen un punto de inflexión a partir do cal empezar a gañar o futuro do rural. Porque non é certo que no rural non haxa nada que facer, senón ao contrario, no noso rural está todo por facerse para gañar o futuro.

Novembro 2017
Asdo. Portavoz do PSdG-PSOE

.....

A **Alcaldía** non está de acordo coa visión do Sr. Paradela Busto. O Concello de Lousame ten un centro educativo, ten un Punto de Atención á Infancia para os máis pequenos, ten un Centro de Día. É certo que o rural supón un gran reto para as Administracións, pero se llo permite o Sr. Paradela Busto quería relatar que é o que se está a facer polo rural.

Existe un Plan Específico para fixar poboación no medio rural con máis de 230 millóns de euros, para executar até o 2020; pretende reverter o despoboamento do territorio rural e facer do rural un lugar axeitado para que os galegos vexan no mesmo un lugar ideal para vivir. Este plan actúa en varios frontes: xestión territorial, innovación e formación agraria, agricultura sostible, mellora da competitividade de empresas rurais, relevo xeracional no campo e proxectos cooperativos.

Tamén existe un "Programa de Impostos Cero no Rural". Consiste nunha dedución do 100% na cota nas transmisións inter vivos e agrupación de solo rústico e nas transmisión de explotacións agrarias de carácter prioritario. Por outra banda, existen medidas para

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

adquirir vivenda no medio rural por determinados colectivos (persoas con discapacidade igual ou superior ao 65%, familiar numerosas e menores de 36 anos) Esta rebaixa fiscal aplicarase a todas as parroquias cualificadas como zonas pouco poboadas, que representan o 94% da superficie da Comunidade Autónoma.

Por outra banda creouse unha Comisión Especial de estudo e análise das reformas de política forestal, de prevención e extinción de incendios e Plan Forestal de Galicia.

A Alcaldesa considera que se está no bo camiño. É certo que sempre se quedan cousas por facer. Pódese facer un esforzo a nivel municipal para favorecer o emprendemento, incluso que os propios veciños nos suxiran campos de actuación para favorecer iniciativas empresariais de pequenos emprendedores. Pero a Alcaldesa non pode estar de acordo coa moción do PSOE pola súa visión negativa e porque falta á verdade en moitos puntos. Existen puntos de coincidencia, pero non se pode dicir que o rural está abandonado, porque se está traballando no rural.

D. **Julio M. D. Paradela Busto** considera que non hai máis que revisar o censo para ver que a poboación continuamente está diminuíndo. Pregúntalle á Alcaldesa se é coñecedora de que finalizado o terceiro trimestre do 2017 xa se pecharon 268 explotacións gandeiras. A Alcaldesa tamén fala de que o goberno galego dinamiza o rural. Pregúntalle se sabe que da partida destinada ao rural nos orzamentos da xunta, 330 millóns de euros quedaron sen executar.

A **Alcaldesa** pregúntalle ao Sr. Paradela Busto se esas 268 granxas se pecharon en Lousame.

D. **Julio M. D. Paradela Busto** contesta "*por favor*" ante a pregunta da Alcaldesa. Insiste en que non hai dinamización do medio rural se 330 millóns de euros destinados ao medio rural nos orzamentos da Xunta quedan sen executar. E no vindeiro exercicio o investimento no rural baixa un 9%. Pídelle ao PP que deixe de gastar en tanta publicidade e que sexa máis efectivo no investimento dos fondos públicos.

A **Alcaldesa** replica que o Concello de Lousame ten varios plans con Medio Rural, ademais do convenio de incendios e o convenio do tractorista. O Sr. Paradela Busto presenta unha moción en clave autonómica, e ela ten que tamén contestar en clave autonómica. Como Alcaldesa non pode contestar cal é o motivo de que quedasen sen executar eses 330 millóns de euros aos que fai referencia o Sr. Paradela Busto. Preguntará e xa lle contestará noutro momento posterior. En canto ás medidas do Concello de Lousame para favorecer ao rural, hai unha moi recente: baixar 20 puntos porcentuais o IBI aos bens inmobles rústicos. Pregúntalle ao Sr. Paradela Busto se quere volver á situaciójn anterior.

Ante a ausencia de máis intervencións, somete o asunto a votación.

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por seis (6) votos en contra (dos 6 concelleiros do PP) e tres (3) votos a favor (dos concelleiros do PSOE) sendo once (11) o seu número legal de membros, non aproba a moción do PSOE sobre o "abandono do medio rural galego"

8) DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DA NÚMERO 497/2017 Á NÚM. 642/2017.

A Alcaldía da conta das resolucións dende a número 497/2017 á número 642/2017.

A Corporación dase por enterada.

9) MOCIÓNS POR RAZÓN DE URXENCIA

9.1.- Moción de urxencia do PSOE sobre a "Vaga de Lumes"

O voceiro do PSOE explica que quere someter por razón de urxencia unha moción relativa á vaga de lumes que sufriu Galicia no mes de outubro.

A Alcaldía somete a votación a urxencia da moción.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos nove (9) concelleiros presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, aproba a urxencia desta moción e a súa inclusión na Orde do Día.

O Sr. Paradela Busto procede a dar lectura á moción, que ten o seguinte contido:

.....

MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DO CONCELLO DE LOUSAME SOBRE A VAGA D ELUMES QUE ASOLOU GALICIA.

De acordo co previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Lousame, desexa someter á consideración do Pleno a seguinte Moción.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A vaga de lumes que asolou Galicia nos pasados días, de maneira máis intensa no pasado domingo 15 de outubro, supuxo unha nova desgracia para o país, para a súa riqueza medioambiental, social, vital, económica e incluso para a súa autopercepción como sociedade avanzada e coidadosa de si mesmo e da súa terra. Pero, indiscutiblemente, e sen punto de comparación, as desgracias

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

humanas sufridas durante estes días que causaron a morte de 4 persoas foron unha persa irreparable e insuperable.

O problema dos lumes en Galicia non é un problema novo. De maneira continuada véñense producindo feitos e situacións que alimentan e favorecen a aparición de lumes no monte galego. O descoido e desleixo das labores de coidado do monte supón un elemento de grande perigo, e un factor tremendamente facilitador da aparición e, sobre todo, da propagación dos lumes. É imprescindible levar a cabo unha política de prevención eficiente, con investimentos decididos e realmente comprometidos, que aposte polo coidado e mantemento concienciado en colaboración coas comunidades de montes, Concellos, Deputacións, agrupación ecoloxistas, distintas organizacións e todos os niveis da administración e os distintos colectivos.

A política de extinción de incendios do Goberno da Xunta de Galicia foi errática e chea de bandazos. A decisión de non prolongar contratos de persoal anti-incendios (fixos discontinuos de 3 meses 436 persoas e 500 de Seaga), a facilidade de procesos de privatización dos recursos dispoñibles, a deixamento na atención as advertencias de perigo que desde distintos puntos e voces autorizadas e expertas fixeron do nivel de peri9go existente, o rexeitamento de iniciativas parlamentarias e municipais que fixeron distintos grupo políticos.

A situación vivida especificamente nos últimos días, e nomeadamente no último domingo, foi absolutamente desesperanzadora. Os concellos víronse sobrepasados, mais tiveron que afrontar os lumes cos seus únicos medios municipais e/ou con minguados efectivos autonómicos. Existiu unha claramente deficiente coordinación de servizos por parte da Xunta de Galicia, que provocou caos e desesperación nos veciños e veciñas que tiveron que loitar desprotexidos e desamparados ante o lume coa única axuda dos seus medios.

Por todo elo, o Grupo Municipal Socialista no Concello de Lousame somete a votación a seguinte moción para aprobar as seguintes propostas a Xunta de Galicia:

1.- Conformar un grupo de traballo plural, que conte coa participación das forzas políticas, de todos os niveis da Administración, forzas e corpos de seguridade e membros dos equipos de extinción, expertos profesionais e académicos, que afronten de maneira global o problema do monte galego e a existencia reiterada de incendios e vagas de lumes.

2.- Cuantificación dos danos causados polo lume en Galicia no 2017.

3.- Poñer en marcha por parte da Xunta de Galicia as medidas necesarias para evitar a erosión e deterioro dos montes queimados, evitando tanto a súa degradación como a contaminación de cauces e manantiais.

4.- Dotas as medidas anteriores con orzamentos suficientes por parte da Xunta para poder levar adiante as citadas medidas.

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

5.- Solicitas aos grupos políticos representados no Parlamento de Galicia a que se comprometan de maneira unánime a apoiar un investimento sostido e continuado dun aumento das partidas orzamentarias destinadas á prevención dos lumes no monte que sexan suficientes para consolidar unha Estratexia Galega contra os incendios.

.....

A Alcaldesa sinala que está de acordo nos cinco puntos que se propoñen aprobar, e por iso anuncia que o seu grupo político municipal vai apoiar esta moción.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos nove (9) concelleiros presentes sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte ACORDO:

<<1.- Conformar un grupo de traballo plural, que conte coa participación das forzas políticas, de todos os niveis da Administración, forzas e corpos de seguridade e membros dos equipos de extinción, expertos profesionais e académicos, que afronten de maneira global o problema do monte galego e a existencia reiterada de incendios e vagas de lumes.

2.- Cuantificación dos danos causados polo lume en Galicia no 2017.

3.- Poñer en marcha por parte da Xunta de Galicia as medidas necesarias para evitar a erosión e deterioro dos montes queimados, evitando tanto a súa degradación como a contaminación de cauces e manantiais.

4.- Dotas as medidas anteriores con orzamentos suficientes por parte da Xunta para poder levar adiante as citadas medidas.

5.- Solicitas aos grupos políticos representados no Parlamento de Galicia a que se comprometan de maneira unánime a apoiar un investimento sostido e continuado dun aumento das partidas orzamentarias destinadas á prevención dos lumes no monte que sexan suficientes para consolidar unha Estratexia Galega contra os incendios>>

9.1.- Moción de urxencia do PSOE sobre o "IBI"

O Sr. Paradela Busto quere presentar unha moción sobre o IBI.

A Alcaldesa considera que non hai ningún tipo de razón que xustifique a urxencia. Engade que non hai nada peor que unha media verdade. O IBI cóbrase en función do catastro. E o catastro o elabora Facenda. Aí o Concello non ten nada que ver. Catastro deu de alta unhas edificacións que tiñan que estar dadas de alta pero non o estaban. E por outra banda, quere advertir que no caso de aprobarse unha modificación dunha ordenanza que implique unha rebaixa fiscal tamén hai que analizar como vai afectar esa normativa á

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

recadación municipal. Se hai unha rebaixa importante da recadación, tamén baixará o noso teito de gasto, e non creo que ninguén queira isto. Na modificación que se aprobou inicialmente se introduciron dúas bonificacións potestativas: as de familia numerosa e as de instalacións agrarias e gandeiras. Xa veu a xente a consultar. Hai algúns que poderán acollerse e outros non por non ter os papeis en regra. O Concello fixo todo o que estivo na súa man. Tramitar a aprobación da modificación da ordenanza e co tempo suficiente para que sexa posible que o Concello declare de interese unha explotación para poder aplicar a bonificación. Xa que a recadación lévase dende a Deputación Provincial. Por todos estes motivos, o grupo municipal do PP vai votar en contra da urxencia desta moción.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por seis (6) votos en contra (dos 6 concelleiros do PP) e tres (3) votos a favor (dos concelleiros do PSOE) sendo once (11) o seu número legal de membros, non aproba a urxencia nin a inclusión da moción do PSOE sobre o IBI na orde do día.

10) ROGOS E PREGUNTAS.

Toma a palabra o Sr. Paradela Busto, voceiro do GPM do PSdG-PSOE:

1.- Pregunta pola Resolución 513 que fala de atrasos do persoal.

Alcaldesa: Trátase dos atrasos derivados da aprobación da Lei de Orzamentos Xerais do Estado que prevé unha subida salarial do 1% que se aplica dende o principio do ano 2017.

2.- Pregunta por que se rexeitou a tan cacareada subvención para San Xusto.

Alcaldesa: Porque nos concederon unha contía pequena e a consignación orzamentaria non era suficiente para alcanzar a totalidade do investimento.

3.- Pregunta por facturas atrasadas de Gas Natural Sur que se aproban vía REC.

Alcaldesa: Trátase de facturas para as que se consignou crédito nominativamente no orzamento; por iso se poden aprobar vía REC de Alcaldía. As empresas eléctricas mandan as facturas vía plataforma FACe pero aí é practicamente imposible revisar a que punto pertencen. Logo mandan unhas follas excell onde hai que comprobar mes a mes que todo estea correcto. Ás veces non hai coincidencia e até que se xustifique non se aproban as facturas. Todo isto a veces provoca retrasos que fan que as facturas dun ano se teñan que aprobar no seguinte.

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

4.- Pregunta por unha resolución de Alcaldía que aproba un convenio co Concello de Porto do Son para que unha traballadora veña a prestar servicios no departamento de contabilidade. Cantos días ven?.

Alcaldesa: Non hai uns días fixos. Tamén traballa telematicamente dende a súa casa. Hoxe venres pola tarde estivo, e mañá pola mañá, sábado, tamén virá. Dende o 30 de xullo temos unha baixa da persoa que se ocupaba da Contabilidade. E ademais a secretaria-interventora o é en réxime de acumulación. O Concello tiña a opción de contratar a alguén externo, pero o posto de traballo é tan específico, que require coñecer o manexo da ferramenta contable, o programa sicalwin. Se non podíamos atoparnos coa paradoxa de ter alguén contratado ao que houbera que ensinarlle como usar o programa, e isto sen dúbida, paralizaría o Concello. Quere dicir que esta persoa empezou a finais de outubro, e a día de hoxe xa están todas as facturas ao día. E en breve espazo de tempo poderá traerse a pleno unha modificación orzamentaria de sobrantes que se producen nunhas partidas para poder gastar noutras que quedaron sen crédito.

5.- Pregunta por decreto que fai referencia a unha ruta de sendeirismo que pasa por varios concellos. É a ARD?

Alcaldesa: Trátase dun convenio con cinco concellos para acollerse a unha liña de subvencións da Xunta. Non se tramita pola ARD. Sinalizouse unha ruta común que atravesa os cinco concellos. Do total do investimento Lousame pon 831,66 €. O reparto vai en función dos quilómetros de percorrido.

6.- Comenta que nalgunha ocasión a Alcaldesa fixo comparativas entre os fondos que deu a Deputación ao Concello de Lousame. Segundo a Alcaldesa o Concello recibiu menos 28.000 € en comparación co 2016. A Alcaldesa puido seguir facendo comparacións cara o pasado.

Alcaldesa: Traerá os datos no vindeiro pleno.

7.- Pregunta se no campo de fútbol do colexio hai seguro RC.

Alcaldesa: Hai seguro RC en tódalas instalacións do Concello.

O Sr. Paradela Busto pregunta se a varanda é regulamentaria.

Alcaldesa: Di que o Sr. Paradela ten razón. A varanda está en mal estado. Xa está encargada unha nova e xa debería estar posta.

O Sr. Paradela Busto di que o domingo pasado aínda non estaba posta.

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Alcaldesa: Non sabe cal é o motivo do retraso. Pero en breve se corrixirá se non o está xa.

8.- Pregunta polos problemas de auga no Concello en varios puntos. Fala en concreto dunha zona en Maxide e dun tubo que está en zona incorrecta.

Alcaldesa: Sinala que respecta a ese veciño e por iso non vai entrar en como foron as xestións. O tubo está alí porque ese veciño o solicitou. E unha vez colocado cambiou de opinión.

9.- Comenta que no interior de Lesende hai un camiño público que ten unha cancela e estase almacenando formigón.

10.- O Sr. Paradela Busto comenta que a Fonte de Cruído está a tirar auga seguido. Parece unha incongruencia coa escasez de auga que hai. Considera que haberá que arranxala.

Ramón Manuel Martínez Rial: Trátase dun acto de vandalismo. Esa fonte xa foi arranxada en varias ocasións.

11.- O Sr. Paradela Busto pregunta no local social de Lesende, onde se fixeron varios arranxos, se vai tocar o tellado.

Alcaldesa: Teñen pensado facer esa actuación, pero para iso teñen que ver con que partidas contan no orzamento. Tamén hai que anular algunha cheminea.

12.- O Sr. Paradela Busto pregúntalle á Sr. Alcaldesa se leu unha noticia sobre San Fins.

Alcaldesa: Si. Vai convocar unha comisión informativa para falar destas informacións. Se lles parece ben podería fixarse para o luns pola tarde.

A Alcaldesa comenta que nos orzamentos da Xunta está incluído o saneamento en Lousame e Vilacova. E tamén está o enlace.

O Sr. Paradela Busto sinala que o enlace non pertence a Lousame, senón que está en territorio do Concello de Noia.

A Alcaldesa replica que ese enlace vai dar servizo a Lousame. A Porto do Son non, e por iso o Sr. Paradela Busto non o vai usar.

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

O Sr. Paradela Busto considera que o enlace vai beneficiar aos veciños de Noia e non aos de Lousame.

A Alcaldesa explica que os de Noia din que beneficia a Lousame; e os de Lousame din que beneficia a Noia. O enlace e bo para todos: para Noia e para Lousame. As infraestruturas autonómicas non dan servizo a un concreto concello senón a tódolos concellos, a todo o territorio. Estar en Santiago en 20 minutos favorece a toda a comarca. Non hai que dicir que non ás infraestruturas que melloran a territorio.

E non habendo outros asuntos dos que tratar, de orde da Alcaldía-Presidencia rematouse a sesión sendo ás vinte e dúas horas e doce minutos (22:12 h.), da que se estende a presente acta que asina comigo a Sra. alcaldesa e da que eu, secretaria, dou fe.

A ALCALDESA-PRESIDENTE

María Teresa Villaverde Pais

A SECRETARIA-INTERVENTORA

Paula Ares Otero